

RISCOS DERIVADOS DO USO

- Golpes e atrapamentos por derrubamento dos vehículos situados no elevador
- Caída de persoas desde o elevador

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



NORMAS DE SEGURIDADE

✘ As manobras e o control dos elevadores debe realizalo unicamente persoal formado e designado pola empresa para isto.

✘ O Manual de Instrucións dos elevadores estará a disposición do persoal.

✘ A zona do chan afectada polo movemento do elevador debe estar perfectamente delimitada e manterase sempre despexada.

✘ Prohibido exceder a carga máxima indicada en cada elevador.

✘ Prohibido terminantemente subir ao elevador ou ao vehículo elevado, ou permitir que outras persoas o fagan.

✘ Revisión periódica dos elevadores por persoal especializado e segundo as indicacións do fabricante; especialmente, os órganos de suspensión e os niveis de líquido dos cilindros hidráulicos.

✘ Prohibido realizar calquera operación de reparación ou mantemento da máquina sen desconectala previamente, encravando os seus mandos de accionamento e colocando un cartel de aviso do tipo "NON CONECTAR. MÁQUINA EN REPARACIÓN".



✘ Hai que parar inmediatamente se o elevador presenta algunha anomalía no seu funcionamento e sobre todo:

☠ Se sobe a tiróns

☠ Se sobe ou baixa máis lentamente do habitual

☠ Se se produce unha fuga de aceite

✘ Nos elevadores de dúas columnas, os brazos disporán de dispositivos que permitan bloquear a súa mobilidade.

✘ Substitución periódica dos apoios de goma dos brazos do elevador.

